

Arnela

A Laracha

Número 1. Epoca 2ª / Abril 2007

“queremos traballar pola Laracha para avanzar como Nación”

Envío Postal sen enderezo

Xosé Antón de la Fuente Subiela, candidato á alcaldía, analiza os obxectivos e logros do BNG para A Laracha

Para o grupo municipal do BNG da Laracha hai un antes e un despois da chegada do nacionalismo ao goberno da Deputación da Coruña e da Xunta de Galiza. Por fin unha xestión eficiente da Xunta ao servizo do noso pobo. O avance en servizos auspiciado polo BNG desde a Xunta e a Deputación, é innegábel:

Desde o Proxecto ANTA para persoas con dificultade de mobilidade; a potenciación do CIM da Laracha; o convenio da cesión de terreos para o parque industrial; banda ancha e melloras en telefonía, depuradoras, canalización do gas e melloras enerxéticas; a mellora das comunicacións; axudas para zonas rurais, desde limpeza de montes, reparacións de estradas, camiños; ata saneamentos, abastecementos e alcantarillados que en tantos anos do PP na Xunta non saíran adiante.

Desde logo, queda moito por facer. Pero un goberno municipal do BNG na Laracha, coordinado coa Vicepresidencia da Xunta, coa consellería de Industria, de Vivenda, do Medio Rural e de Cultura contribuirá enormemente a acadar obxecti-



vos en todos eses apartados que marcarán un fito na historia do noso concello.

Por iso consideramos que as próximas eleccións municipais son unha excelente oportunidade que o pobo da Laracha debería aproveitar optan-

do por unha formación política coma o BNG que lle ofrece traballar SEN DESMAIO na defensa dos lexítimos intereses veciñais!

Se falamos do Parque Industrial da Laracha (no que están implicadas as Consellerías de Industria e Vivenda, responsabilidade do BNG) apostamos por un desenvolvemento industrial sustentábel que traia postos de traballo e benestar e que repercute nun benestar socioeconómico.

Se falamos de Servizos Sociais, no BNG consideramos prioritario para A Laracha contar cun centro de día con servizos e actividades de grande axuda para as familias do concello, ofertando ás persoas maiores servizos de asistencia social e atención xeriátrica.

En resumo: queremos Traballar pola Laracha para avanzar como Nación.

editorial

Con este novo número da “Arnela”, o BNG da Laracha inaugura unha nova época para o noso boletín. Cun formato máis accesíbel, moderno e a toda cor, trasladaremos ás veciñas e veciños a información política de maior interese. Este número centrámolo nalgúnhas persoas que compoñen o BNG da Laracha, uns, veteranos militantes, outros, novos compañeiros que se unen ao noso proxecto común.



www.bng-galiza.org

Edita: BNG A Laracha

Compromiso coas parroquias rurais

Óscar García Iglesias é traballador da ONCE e leva anos colaborando politicamente co BNG da Laracha, gran coñecedor da realidade do noso concello, en especial das zonas rurais, nestas eleccións decidiu dar o paso de ser candidato pola lista da nosa formación política ao Concello.

Ven defendendo desde sempre a necesidade de que as parroquias rurais, como Montemaior, teñan os servizos básicos necesarios e unhas boas comunicacións. Neste senso presentou varias iniciativas para que a Deputación da Coruña (na que goberna o BNG) financie o arranxo da estrada de Comiáns ao Ilesario (que hoxe se está a facer), así como o arranxo e ampliación da estrada de

Golmar á Silva; nas súas propias palabras “as comunicacións e os servizos que fagan habitable o rural, son as medidas máis necesarias para frear o despoboamento e o envellecemento que está a sufrir o rural larachés”.

Fortemente comprometido coas persoas máis desfavorecidas, Óscar califica de “importantísimas” as políticas sociais implantadas polo BNG desde a Xunta de Galiza: “significan un antes e un despois no trato dado ás persoas dependentes e con menos recursos, e teñen a súa maior incidencia en lugares con nos que, como en Montemaior, á dependencia se lle unen unhas rendas baixas, dispersión e envellecemento poboacional”.



Mónica Castro, candidata a concelleira polo BNG

Mónica Castro Nogareda é unha veterana militante do BNG da Laracha, coida as amizades, é faladora e optimista por natureza e é, por terceira vez, candidata pola candidatura nacionalista nas eleccións municipais da Laracha.

Ola Mónica, estás motivada ante esta nova cita electoral?

Moitísimo, ten en conta que é a terceira vez que me presento nas listas do BNG, e cada vez obtivemos máis votos e máis concelleiros.

Por qué es Nacionalista?

Por que é a mellor alternativa para o meu pobo e para o meu país. Non tolero as inxustizas, a violencia contra a muller ou a infancia e porque me gustaría unha política de Bibliotecas ou de actividades encamiñadas ao tempo de lecer, pensadas para aquí e desde aquí.

Non é casual que fales de infancia xa que encamiñaches a túa vida laboral nese ámbito, non sí?

Certo, son técnica superior en Educación infantil, e actualmente estou a rematar os meus estudos de Psicología na Universidade de Santiago de Compostela, tamén traballo na Biblioteca Municipal de Ames nas campañas de Animación á Lectura.

Consideras-te unha boa candidata?

Iso deberas-llo preguntar ás miñas compañeiras e compañeiros do BNG, que son os que me escolleron. O que é certo é que si considero que o BNG presenta unha boa candidatura. Levamos un grupo moi compacto, cun alto nivel de formación e gran traxectoria política. Ninguén lle poderá botar en cara ao BNG que non traballamos para A Laracha durante todos estes anos e ten por certo que o seguiremos a facer sen descanso. Sinceramente creo que A Laracha está a reclamar un cambio total na política municipal e o BNG está sobradamente preparado para liderar ese cambio.



“o proxecto do BNG é a garantía para un desenvolvemento sostíbel do noso concello”

Carolina Castiñeiras será a candidata de Paiosaco polo BNG



Carolina leva traballando activamente no nacionalismo desde os 18 anos, neste tempo acumulou unha enorme experiencia política que a levou a ser Responsábel

Comarcal de Muller de Galiza Nova (organización da mocidade do BNG), desempeñando na actualidade os cargos de Vice-Responsábel Comarcal de Galiza Nova e Vice-Responsábel local do BNG da Laracha, de igual xeito é membro do Consello Comarcal, máximo órgano de dirección do BNG en Bergantiños.

Está fortemente comprometida cos problemas e necesidades de Paiosaco e Lestón, o que a levou a participar activamente no xurdimiento do movemento asociativo e veciñal na localidade, “desde as miñas responsabilidades sempre teño, e terei, especial coidado por todo o que afecta ás veciñas e veciños de Lestón” di Carolina coa paixón que a caracteriza, “velarei especialmente pola correcta exe-

cución da Casa da Cultura de Paiosaco, por que dunha vez por todas contemos cunha Farmacia e

“ desde as miñas responsabilidades sempre teño, e terei, especial coidado por todo o que afecta ás veciñas e veciños de Lestón ”

pola promoción e potenciación da Feira, que tan abandonada está polo actual goberno municipal”.

Desde o BNG da Laracha estamos seguros de que as veciñas e veciños de Lestón terán en Carolina á máis firme defensora dos seus dereitos e intereses.

Entrevista a Francisco Rey, candidato en Caión polo BNG

Francisco Rey García (Paco) é unha das caras novas que se presentan na lista do BNG nas eleccións municipais de Maio.

Antes de comezar, por qué non nos falas un pouco de tí?

Ben para comezar direi que nacín en Caión, licenciéime en Químicas pola Universidade de Santiago e, na actualidade desenrolo a miña actividade profesional nun grupo de investigación desta mesma Universidade, na categoría de persoal docente e investigador; mentras me preparo para obter o título de Doutor.



E aparte de estudar, terás mais afeccións

Por suposto, entre outros deportes practico o fútbol; un dos motivos de presentarme pode ser que

“ Gustaríame que Caión mantivera a súa singularidade sen que por iso perda turistas ”

quero ver de novo un campo de fútbol no que se poida xuntar todo o pobo a disfrutar cuns veciños que defendan o noso nome a través do deporte. Tamén practico baile tradicional, e son gaiteiro. Esta actividade permitiúme coñecer un cento de persoas e lugares máis aló de onde chega a nosa vista.

Aparte da necesidade dun novo campo de fútbol, que te motivou para ser candidato na lista do BNG?

Preséntome nestas eleccións por

varios motivos; entre outras cousas, porque non quero ver como construtores irrespetuosos transforman o noso precioso povo nunha nova Marbella; preséntome por que non quero ver como se marcha do meu povo a xente nova, por falta de casas, infraestruturas, etc; Porque me gustaría que Caión mantivera a súa singularidade sen que por iso perda turistas; e tamén podo decir que me presento porque non quero ver a nosa costa, que a tantos caioneses deu, da e dará de comer, indefensa ante un novo manto negro como o do Prestige. Gustaríame ver como o meu povo crece pero respectando as súas xentes, a súa arquitectura mariñeira e, como non, a súa estreita relación co mar e ca paisaxe.

Vexo que motivos non che faltan

Hai un cento de motivos, pero o básico e que penso que é o momento de presentarme para loitar polo meu povo e poder velo avanzar con paso firme cara o futuro. Por estes motivos íntegreime na lista do BNG para as próximas eleccións municipais, e espero poder cumprir cos meus veciños.

A Contracapa

Xoán M. Sande Muñiz, responsábel local

“A coordinación do BNG nas institucións co noso grupo municipal ten dado xa os seus froitos”

Como responsábel local, como valoras a relación do BNG da Laracha co goberno da Xunta de Galiza?

Desde a chegada do BNG ao goberno do noso país a verdade é que a relación está a ser fluída e produtiva. A coordinación do BNG nas institucións nas que estamos a gobernar (Xunta de Galiza e Deputación da Coruña) co noso grupo municipal ten dado xa os seus froitos, pero será cando academos o goberno municipal cando o traballo coordinado poderá ser aínda moito máis efectivo e produtivo. Foi unha pena que nas anteriores eleccións municipais non acadásemos mellores resultados, pois de ter chegado o xa BNG ao goberno municipal teríamos mellorado considerablemente a calidade de vida das veciñas e dos veciños do noso concello, coas aportacións das distintas administracións. Todas as larachesas e todos os laracheses están a decatarse de que a estratexia

“o BNG da Laracha goza actualmente de mellor saúde ca nunca, e ademais continuamos a medrar”

do goberno municipal do P.P., de confrontación con todas as institucións nas que o seu partido non goberna, non benefician en nada os intereses veciñais comúns.

Coa experiencia que tes como responsábel local, como ves na actualidade ao BNG da Laracha?

Evidentemente o BNG é hoxe un equipo con moita experiencia acumulada en política municipal. Un equipo que foi medrando paulatinamente nos últimos 12 anos e no que é fundamental a aportación de cada unha e de cada un dos militantes. Así pois eu diría que o BNG da Laracha goza actualmente de mellor saúde ca nunca, e ademais continuamos a medrar. Diríase que somos máis ca onte pero menos que mañán.



Levas catro anos de concelleiro, fálanos da túa experiencia

É moi gratificante, porque sabes que está a traballar polo beneficio das veciñas e dos veciños. Ademais, como nos últimos anos fomos incrementando constantemente a nosa representación, somos capaces, cada vez máis, de facer chegar á cidadanía as nosas propostas –que son moitas, pois nos últimos 12 anos somos o grupo que máis iniciativas ten presentado no concello, con moita diferenza-.

E como afrontades as novas eleccións municipais que se aveciñan?

Certamente con moita fortaleza e confianza no traballo feito durante todos estes anos. Ademais, é a primeira vez que afrontamos unha campaña electoral co BNG no goberno de Galiza, o que nos dá máis ilusión aínda, se cabe. Aínda que no BNG temos claro que o importante é o traballo constante e continuo.

Se desexa contactar co BNG da Laracha ou recibir a ARNELA diríxase a:

Portavoz Municipal do BNG: 679 457 105

Responsable Local do BNG: 646 916 638

bergantinos@bng-galiza.org

